



PROPUESTA DE CONTRATACIÓN

NECESIDADE A CUBRIR/ MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO: O pavimento da Rúa Torreiro está deteriorado polo paso do tempo e polas diferentes gabias que se realizaron ao implantar os servizos na rúa, apreciándose irregularidades e disgregacións no formigón existente. Non dispón tampouco de rede separativa de sumidoiros, existindo un único colector de PVC polo centro de la calle que conduce as augas ao bombeo do porto e de alí á depuradora de Corrubedo. Non están conectadas aínda as acometidas domiciliarias a dito tubo. O obxectivo fundamental que se persigue con este proxecto é mellorar o pavimento da Rúa Torreiro, ademais de conectar as acometidas domiciliarias de augas fecais ao colector existente e instalar unha rede independente para a recollida das augas pluviais.

OBXECTO DO CONTRATO: PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE LIÑA DE PLUVIAIS NA RÚA TORREIRO (CORRUBEDO).

PRAZO DE DURACIÓN: 2 meses.

ORZAMENTO TOTAL DE LICITACIÓN: 30.230,95 euros (orzamento base: 24.984,26 euros; IVE 21%: 5.246,69 euros)

FINANCIAMENTO: O investimento foi incluído no "Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 453-619.77

RESPONSABLE DO CONTRATO: A enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

CÓDIGO CPV: 45233251-3

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN: As obras están perfectamente definidas no proxecto, polo que para a adxudicación deste contrato propónse ter en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES: Propónse que este contrato se adxudique por procedemento aberto simplificado, utilizando o Prego-tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras Provinciais da Deputación da Coruña.

CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTA: Non se esixe neste expediente. Non sendo obrigatoria, quedará acreditada a solvencia técnica si o contratista xustifica a seguinte clasificación: Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 1 y Grupo E, Subgrupo 1, Categoría 1.

MEDIOS PARA ACREDITAR A SOLVENCIA TÉCNICA:

➤ Como regra xeral, a solvencia técnica do empresario acreditarase polo seguinte medio:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.



Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras, e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán a mesma consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último desempeñe directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquela no capital social desta.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

➤ Regra específica para as empresas de nova creación:

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000,00 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos seguintes medios, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra:

a) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

b) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta.

c) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o cadro de persoal medio sexa adecuado e proporcionado á natureza e orzamento da obra.

➤ Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 75 da LCSP.

VARIANTES OU MELLORAS: No se admiten.

GARANTÍA PROVISIONAL: En consonancia co disposto no artigo 159 da LCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

GARANTÍA DEFINITIVA: O licitador que presente a mellor oferta deberán constituír unha garantía dun 5% do prezo final ofertado, esluído o IVE, segundo o establecido no artigo 107 da LCSP.

GARANTÍA COMPLEMENTARIA: Naqueles casos nos que a proposta da mesa de contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle de conformidade co art. 107.2 LCSP que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, préstese unha complementaria dun cinco por



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20004305C00S5O7N6B9O5V4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUXIA LANDEIRA PEREIRA-INGENIERA MUNICIPAL - 10/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/10/2018 14:57:30

DOCUMENTO: 20180274524

Fecha: 10/10/2018
Hora: 14:52





cento do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, sendo por tanto nestes casos o importe da garantía definitiva o 10 por cento do importe do prezo final do contrato excluído o imposto sobre o valor engadido.

PRAZO DE GARANTÍA: Establécese un prazo de garantía dun ano desde a firma da Acta de Recepción das obras.

REVISIÓN DE PREZOS: De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP non procederá, en ningún caso, a revisión de prezos do presente contrato e, por tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

MODIFICACIÓN DO CONTRATO: Segundo as condicións establecidas no artigo 34 do Prego-tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras Provinciais da Deputación da Coruña.

DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA QUE SE XUNTA:

- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal na data xaneiro do 2017.
- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 10/02/2017 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, precisando autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia) por estar afectado parte do tramo pola servidume de Costas.
- Informe técnico sobre o investimento segundo o Anexo V incluído nas bases do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal "POS+ 2017", firmado pola enxeñeira municipal en data 10/11/2017.
- Informe técnico xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, segundo o Anexo VI incluído nas bases do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal "POS+ 2017", firmado pola enxeñeira municipal e polo secretario xeral do Concello en data 10/11/2017.
- Autorización para as obras do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 14/09/2017, que tivo entrada no Concello de Riveira o 19/09/2017, con rexistro de entrada 14.965.
- Informe da enxeñeira municipal de data 09/10/2018 de adaptación do proxecto á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, xa que foi redactado estando vixente o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 09/10/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- Informe técnico da enxeñeira municipal de data 09/10/2018 no que xustifica a no división en lotes do obxecto do contrato, porque el proxecto contempla únicamente la instalación de una línea de pluviales y la pavimentación de



una única calle, la Rúa Torreiro, y la realización independiente de estas prestaciones dificultará la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico.

Con fundamento na xustificación da necesidade exposta, PROPOÑO que se realice a contratación indicada, logo de levar a cabo os trámites que se consideren oportunos.

En Riveira, na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A enxeñeira municipal.

Asdo./ Uxía Landeira Pereira

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA.- CONFORME. Iníciase o expediente de contratación, efectúese a retención de crédito precisa, e complétese o expediente para levar a cabo a contratación descrita.

Pásese a:

- Intervención municipal, a efectos da oportuna retención de créditos.
- Departamento de contratación, para a tramitación do correspondente expediente.

O alcalde,

Asdo./ Manuel Ruiz Rivas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20004305C00S507N6B9O5V4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

UXIA LANDEIRA PEREIRA-INGENIERA MUNICIPAL - 10/10/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/10/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/10/2018 14:57:30

DOCUMENTO: 20180274524

Fecha: 10/10/2018
Hora: 14:52

